

Xornadas de interpretación:
Tomamos o pulso
ao mercado da **INTERPRETACIÓN**
en Galiza



5 de febreiro de 2019 - 9.30 a 14.00 horas
Salón de actos - Facultade de Filoloxía e Tradución
Universidade de Vigo

AGPTI

asociación galega de profesionais
da tradución e da interpretación

Universidade de Vigo

TOMAMOS O PULSO AO MERCADO DA INTERPRETACIÓN EN GALIZA

As profesionais da interpretación que forman parte da AGPTI están a detectar nos últimos tempos unhas determinadas mudanzas no mercado desta profesión en Galiza. Por iso, decidimos xuntarnos e procurar a colaboración da Universidade de Vigo para dar forma a unhas xornadas nas que todos os axentes implicados na interpretación poidamos debater e conversar sobre o estado da profesión, as mellores prácticas (e non tan boas), as necesidades de quen contrata estes servizos e como podemos traballar conxuntamente pensando nun futuro sostíbel para quen se dedica profesionalmente á interpretación na nosa terra, mais tamén para que as entidades e empresas contratantes e as xestoras poidan falar directamente coas persoas que poñen en práctica este servizo.

Moitas veces ten chegado á AGPTI a idea de que, nos últimos anos, hai quen organiza congresos nas principais cidades galegas e está a contar con profesionais que veñen de fóra, ou escoitamos que os prezos dos servizos están a descender de xeito dramático. Estas dúas informacións son preocupantes por si soas mais, de feito, tamén son contraditorias. Como asociación implicada co futuro da nosa profesión, preocúpanos que esta mudanza do mercado poida ter consecuencias negativas sobre a súa calidade e estabilidade. Por iso queremos entender os motivos e procurar o xeito de que tanto as persoas que estudan na Universidade de Vigo como as que teñen anos de experiencia poidan exercer o seu traballo dun xeito digno.

PROGRAMA

09.30

Presentación. Iria Taibo (presidenta da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación) e Luis Alonso (profesor de interpretación e decano da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo).

10.00-11:30

Mesa redonda 1 - As empresas de interpretación e de organización de eventos e os clientes finais

Convidamos as axencias de tradución e interpretación e as empresas organizadoras de eventos a falaren de como ven o mercado na actualidade, tanto aquelas que fan de intermediarias entre clientela final e intérpretes coma os propios clientes finais. O obxectivo é falarmos de novos axentes que comezan a introducirse neste sector e de como consideran as participantes que isto está a mudar o seu xeito de traballar e as condicións de traballo para as e os profesionais, ademais de coñecer as principais problemáticas e necesidades deste sector na actualidade e a súa relación con esta industria.

Interveñen: Aída Cordeiro (CEO de AttesorTraducción y Comunicación), Elena Martín (xerente de NartranTranslations), Ana Trevisani (presidenta de OPC Galicia), Belén Vallina (xerente da Fundación Vigo Convention Bureau),

Modera: Lara Domínguez (intérprete de conferencias e doutora en Interpretación)

11.30-12.00

Pausa

12.00-13:30

Mesa redonda 2 - As profesionais da interpretación

Queremos falar da situación actual da profesión, non só para queixármonos (que tamén, se é preciso), senón para facer propostas desde o punto de vista das caras visíbeis da interpretación, e das persoas que están máis en contacto con todos os axentes implicados. Queremos saber cara onde tiraría a interpretación en Galiza (e en galego), se das profesionais dependese.

Interveñen: Iria Castro, María Reimóndez, Michael Skinner e Tania Souto

Modera: Luis Alonso (profesor de interpretación e decano da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo)

14.00

Conclusións. Lara Santos (intérprete de conferencias e vogal de Interpretación da AGPTI)

ORGANIZAN:



Universidade de Vigo

COLABORAN:



Vicerreitoría
de Extensión
Universitaria



LUGAR:

Salón de actos | Facultade de Filoloxía e Tradución | Campus Lagoas
Marcosende | 36310 | Vigo

INSCRICIÓN:

Inscripción obrigatoria e gratuíta ata o día 1 de febreiro en <https://goo.gl/forms/cCS8lm5TESp5385y2>. Entregarase un certificado de asistencia a quen o solicite no momento da inscrición.